

ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO MUNICIPAL, INSTALACIÓN ELÉCTRICAS DE EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS PARA FESTAS QUE SE REALICEN NO MUNICIPIO E MATERIAIS NECESARIOS PARA LEVAR A CABO O DITO MANTEMENTO DO CONCELLO DE CORCUBIÓN.

Na Casa Consistorial do Concello de Corcubión, ás 10:00 horas do día 8 de agosto de 2016, celébrase a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por Manuela Fernández Louro, actuando como vocais, a Secretaria accidental do concello, Carmen Trillo Mouzo e o arquitecto da Oficina de rehabilitación, Antonio Martínez Domínguez, actuando como Secretario o funcionario Domingo Manuel Pais Nieto.

Por Resolución de Alcaldía núm. 237/2016, de 4 de xullo, acordouse iniciar o expediente para levar a cabo a licitación do *servizo de mantemento do alumeado público municipal, instalación eléctrica de edificios e dependencias municipais, instalacións eléctricas para festas que se realicen no municipio e materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento*, incorporándose ao mesmo o prego de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, procedendo á súa licitación a través de procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria.

Publicado anuncio de licitación para a presentación de ofertas por prazo de quince días no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 129, do venres, 8 de xullo, e no perfil do contratante do órgano de contratación, foi presentada unha única proposición por **Jesús Ramón Quintáns Romero**.

Con data 2 de xullo de 2016 celebrouse sesión de constitución da Mesa de Contratación, na que se levou a cabo a apertura do SOBRE A, Documentación Administrativa e SOBRE C, Criterios Dependentes dun Xuízo de Valor e que acordou a solicitar informe técnico para a valoración dos ditos criterios.

Na mesma data emítese informe do arquitecto da Oficina de Rehabilitación que literalmente dispón que:

Antonio Martínez Domínguez, arquitecto ao servizo do Concello de Corcubión, a petición de D. Manuel Insua Insua, alcalde – presidente deste Concello, e á vista do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como do Prego de Condicións Técnicas, para a contratación do Servizo de mantemento da rede de alumeado público e das instalacións eléctricas municipais,

EXPÓN:

A.- O presente informe se realiza segundo os Criterios de Adxudicación definidos na alínea 7.- do Prego de Condicións técnicas descrito con anterioridade:

“7.1 Criterios de valoración avaliábeis mediante xuízos de valor:

a) Plan de traballo e protección medioambiental: ata 10 puntos.

As empresas que presenten un plan de traballo e protección medioambiental específico e adaptado a este servizo, valoraranse de 5 a 10 puntos.

As empresas que presenten un plan de traballo e protección medioambiental xenérico e pouco adaptado a este servizo, valoraranse de 1 a 5 puntos.

As empresas que presenten un plan de traballo e protección medioambiental non adaptado a este servizo, valóranse con 0 puntos.

b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos: ata 10 puntos.

As empresas que presenten uns medios técnicos específicos e adaptados ao servizo, valoraranse de 5 a 10 puntos.

As empresas que presenten uns medios técnicos xenéricos e pouco adaptados ao servizo, valoraranse de 0 a 5 puntos.

As empresas que presenten uns medios técnicos non adaptados ao servizo, valoraranse con 0 puntos.

c) Disponibilidade en caso de emerxencia: ata 10 puntos.

Neste apartado valoraranse os medios postos para atender unha emerxencia, o tempo de resposta, e o coñecemento xeográfico do termo municipal.

d) Melloras: ata 10 puntos.

Admitiranse avances técnicos en materia de eficiencia e aforro enerxético coa finalidade de optimizar a prestación do servizo.

As melloras ofertadas polas empresas licitadoras terán valor contractual e en ningún caso a súa execución suporá un custe para o Concello de Corcubión.

7.2.- Oferta económica: ata 60 puntos.

Á oferta económica que conteña o prezo máis baixo (sen incorrer nunha baixa desproporcionada) outorgaráselle 60 puntos, e as restantes valoraranse proporcionalmente do seguinte xeito:

As ofertas seguintes na orde de prelación asignaráselles os puntos que proporcionalmente correspondan pola súa diferenza coa mellor oferta, de acordo coa seguinte fórmula: $P=(pm*mo)/O$ [ou ben $P=(pm*O/mo$, segundo se trate, respectivamente, de proporción inversa ou proporción directa coa mellor oferta], (onde "P" é a puntuación, "pm" é a puntuación máxima, "mo" é a mellor oferta e "O" é o valor cuantitativo da oferta que se valora).

7.3 Criterios de desempate:

Obtida a puntuación de todas as ofertas respecto de cada un dos criterios, sumárase a puntuación total de cada unha delas, resultando seleccionada a que obteña maior puntuación.

En caso de empate ...

B.- Na Cláusula Novena do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares definido con anterioridade, indícase o seguinte:

"Cláusula Novena: Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello ...

... A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre "A": Documentación Administrativa.
- Sobre "B": Proposición Económica.
- Sobre "C": Documentación cuxa Ponderación Depende dun Xuízo de Valor.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos:

...

SOBRE "C"

DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A TRAVÉS DE XUÍZOS DE VALOR

Incluírá aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios que dependen dun xuízo de valor.

C.- A única empresa que se ten presentado para a contratación do Servizo de mantemento da rede de alumeadado público e das instalacións eléctricas municipais foi:

- **Jesús Ramón Quintáns Romero**, con N.I.F. 76.360.265-N e domicilio na rúa Vilar de Toba nº 34 baixo, en Cee, A Coruña.

D.- *Propostas ofertadas pola empresa licitante:*

Jesús Ramón Quintáns Romero

Coa documentación aportada, este empresario ten, ao entender do técnico que subscribe, mais que acreditada a habilitación empresarial ou profesional esixible para a realización do servizo que se pretende contratar, cumprindo así co indicado na Cláusula sétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Ten acreditada a solvencia económica e financeira a través de informe de entidade bancaria, da existencia dunha póliza de responsabilidade civil por danos a terceiros e patronal, e do volume de negocios das tres últimas anualidades; e, sobradamente, a solvencia técnica e profesional, coa relación de servizos ou traballos realizados nas tres últimas anualidades, co persoal encargado do control de calidade, coa titulacións académicas e profesionais do empresario e dos traballadores –entre outras, o interesado ten presentado a súa habilitación como Instalador en baixa tensión categoría especialista, título de técnico especialista en electricidade, e formación en prevención de riscos laborais, declaración da plantilla media anual, relación de maquinaria e equipo técnico.

Se debe de considerar, por tanto, como unha empresa APTA para a adxudicación.

1.- *Criterios de valoración avaliados mediante xuízos de valor:*

a) *Plan de traballo e protección medioambiental:*

Ten aportado un plan de traballo elaborado, cun total de 18 páxinas. Define nun primeiro apartado de xeneralidades: as redes de alumado público existentes no Concello de Corcubión e a necesidade dunha inspección periódica para cada unha delas; as dependencias municipais existentes coa necesidade dunha inspección periódica cada cinco anos; así como un listado das instalacións temporais.

Distingue e define as actuacións de conservación xeral: inspeccións diúrnas e nocturnas das instalacións, conservacións e reparacións das instalacións: lámpadas, liñas, soportes, luminarias e equipos de acendido, centros de mando, postas a terra, control de acendidos e apagados, mantemento do factor de potencia, instalacións alleas conectadas á rede de alumado público.

Oferta a realización dunha inspección diúrna de todas as instalacións de alumado cada seis meses; e unha inspección nocturna cada mes. Oferta tamén unha inspección de tódolos centros de mando cada seis meses. Así mesmo fai indicación expresa de que os diversos elementos a repoñer serán das mesmas características e calidades que os primitivos.

Comprométese a controlar o alumado (acendido ou apagado) afectado pola celebración de actos deportivos, culturais ou de outro tipo.

Define actuacións concretas de protección medioambiental (substitución de lámpadas de vapor de mercurio por outras de haloxenuros metálicos; corrección das luminarias tipo globo por outras con distribución simétrica ou asimétrica; reciclaxe das lámpadas substituídas) e se compromete a realizar unha inspección anual das instalacións seguindo a metodoloxía do documento do IDAE “Protocolo de auditoría enerxética das instalacións de alumado exterior”.

En canto aos danos nas instalacións por causa de actos vandálicos, de forza maior ou catástrofes, propón presentar o correspondente informe valorado debidamente detallado.

Define detalladamente as revisións a realizar nas instalacións interiores das dependencias municipais; e oferta unha inspección periódica (unha vez cada seis meses) nas instalacións eléctricas dos locais de pública concorrencia (todos excepto o garaxe do camiión do lixo).

En canto á asistencia para a celebración de diversos eventos, entre os que figuran as festas definidas nos pregos, a empresa se compromete a aportar os recursos humanos e técnicos precisos, executando as labores de montaxe, inspección, vixilancia, desmontaxe e tramitación e xestión dos permisos oportunos.

Ofrece unha reunión mensual cos servizos técnicos municipais.

Distingue tamén as actuacións de conservación programada: substitución de lámpadas, limpeza de luminarias e farois, renovación das instalacións, limpeza de soportes e centros de mando.

Así mesmo, ofrece a realización de traballos diversos relacionados co alumeado ornamental, festas e verbenas no Concello, tomas para megafonía ou outros destinos en actos culturais, políticos, festivos ou deportivos organizados ou patrocinados polo Concello, iluminacións en xardíns e recintos deportivos, etc.

Aporta, finalmente, un plan de traballo anual coas actuacións de revisión a realizar.

Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado un plan de traballo e protección medioambiental específico e adaptado a este servizo.

b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos:

Esta empresa ten aportado unha relación da maquinaria e equipo técnico dos que dispón -na documentación aportada fai mención a que aportarán todos os recursos humanos e técnicos precisos para a execución do contrato-, entre os que destacan: grúa montada sobre camiión destinada a mantemento de 19 m. de altura, furgón, coche, escaleiras de diferentes tamaños, equipo de verificación e toma de datos en instalacións eléctricas, luxómetro para medir o nivel de intensidade en recintos e vías públicas, ...

Segundo o indicado, o técnico que subscribe considera que se ten presentado uns medios técnicos específicos e adaptados a este servizo.

c) Disponibilidade en caso de emerxencia:

A empresa se compromete a un servizo inmediato nas distintas necesidades en caso de emerxencia; calculando un tempo de resposta de 20 minutos.

Xustifica a súa posibilidade a través dos servizos prestados ao Concello de Corcubión similares ao ofertado; polo coñecemento de forma precisa das instalacións obxecto da presente licitación.

En canto á disposición dos medios postos para atender unha emerxencia, o empresario se compromete a empregar todos os medios técnicos e humanos dos que dispón.

d) Melloras:

O empresario propón a substitución progresiva de lámpadas de 70 w. e 125 w. de VSAP por outras de 50 w. de halogenuros metálicos, o que supón un aforro dun 30% en consumo enerxético, e un 20% máis de vida útil das lámpadas.

Así mesmo, propón tamén a substitución de equipos e lámpadas das luminarias ornamentais do casco urbano por módulos LED de 27 w., o que supón un aforro dun 50% en consumo enerxético.

E.- Valoración das empresas licitantes:

Jesús Ramón Quintáns Romero

1.- Criterios de valoración avaliados mediante xuízos de valor:

a) Plan de traballo e protección medioambiental:

Específico e adaptado a este servizo **8 puntos**

b) Medios técnicos adscritos á realización dos traballos:

Específicos e adaptados a este servizo **8 puntos**

c) Dispoñibilidade en caso de emerxencia:

Valorando os medios postos para atender unha emerxencia, o tempo de resposta e o coñecemento xeográfico do termo municipal **8 puntos**

d) Melloras:

En materia de eficiencia e aforro enerxéticos **4 puntos**

Consonte ó anteriormente exposto, no contexto no que vai dito, sen prexuízo doutras consideracións que resultasen de datos diferentes ós achegados

INFORMO:

1.- A Valoración Total das empresas licitantes é a que segue:

- **Jesús Ramón Quintáns Romero** **28 puntos**

2.- Ao cumprir cos condicionantes requiridos para á adxudicación do servizo referida, a expensas da Oferta económica que teña presentado, e ser a única empresa licitante; propono á empresa Jesús Ramón Quintáns Romero para a contratación do Servizo de mantemento da rede de alumado público e das instalacións eléctricas municipais.

Este é o informe do Técnico que subscribe segundo o seu leal saber i entender e que pon no seu coñecemento ós efectos da tramitación correspondente.

Corcubión a 2 de Xullo de 2.016

O ARQUITECTO

Antonio Martínez Domínguez

Procédese neste acto á apertura do SOBRE B, Oferta económica. Segundo o disposto no Prego de prescricións técnicas, a oferta económica valorarase do seguinte xeito:

7.2.- Oferta económica: ata 60 puntos

Á oferta económica que conteña o prezo máis baixo (sen incorrer nunha baixa desproporcionada) outorgaráselle 60 puntos, e as restantes valoraranse proporcionalmente, do seguinte xeito:

Ás ofertas seguintes na orde de prelación asignaráselle os puntos que proporcionalmente correspondan pola súa diferenza coa mellor oferta, de acordo ca seguinte fórmula: $P=(pm*mo)/O$ [ou ben $P=(pm*O)/mo$, segundo se trate, respectivamente, de proporción inversa ou proporción directa coa mellor oferta], (onde "P" é a puntuación, "pm" é a puntuación máxima, "mo" é a mellor oferta e "O" é o valor cuantitativo da oferta que se valora).

O orzamento da licitación ascende a contía de 14.000 € anuais; o prezo certo queda desglosado nun valor estimado de 11.570,25 €/ano e no IVE do 21% 2.429,75 €/ano.

Este importe inclúe tanto o importe do mantemento (ata un máximo de 9.000 € (7.438,02 €/ano + 1.561,98 IVE), como a estimación dos materiais necesarios para levar a cabo o dito mantemento (ata un máximo de 5.000 € (4.132,23€/ano + 867,77 IVE) , non admitíndose aquelas ofertas que superen este importe máximo.

A proposición económica do único licitador que concorre no procedemento é a que segue:

- Mantemento: 7430,02€ + 1560,30€ correspondentes ao IVE
- Material: 4130,23 € + 867,34 € correspondentes ao IVE.

Á vista do anterior a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes acorda outorgar as seguintes puntuacións, con respecto á oferta presentada:

Licitador	Sobre C	Sobre B	PUNTUACION
Jesús R. Quintáns Romero	28 puntos	60 puntos	88 puntos

De conformidade co exposto anteriormente, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda **propoñer á JESÚS RAMÓN QUINTÁNS ROMERO, con NIF 76360265N**, como oferta económica máis vantaxosa, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

A ALCALDESA EN FUNCIONES

Manuela Fernández Louro

O SECRETARIO DA MESA

Domingo Manuel Pais Nieto

VOGAIS:



Praza José Carrera, 1
15130 Corcubión (Galiza)
TF: 981 745 400 Fax: 981 747 100
correo@corcubion.gal www.corcubion.gal

O ARQUITECTO

A SECRETARIA ACCTAL.

Antonio Martínez Domínguez

María del Carmen Trillo Mouzo